

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LATÍN 2º BACHARELATO

CURSO 2022-2023

IES AGRA DE LEBORÍS

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.
 - 1.1. Contextualización. O IES. Agra de Leborís.
 - 1.2. A aprendizaxe das linguas no contexto escolar.
 - 1.3. A aprendizaxe das linguas clásicas no contexto escolar.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Obxectivos.
 - 3.1. Obxectivos xerais da etapa. Bacharelato.
 - 3.2. Obxectivos da materia: Latín II.
4. Contidos.
 - 4.1. Contidos por bloques.
 - 4.2. Contidos mínimos.
5. Temporalización.
6. Criterios de avaliación.
7. Estándares de aprendizaxe.
8. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:
 - 1) Competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.
 - 2) Temporalización.
 - 3) Procedementos e instrumentos de avaliación.
 - 4) Grao mínimo de consecución para superar a materia.
9. Criterios de cualificación do alumnado.
10. Metodoloxía didáctica.
11. Materiais e recursos didácticos.
12. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
13. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
14. Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
15. Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
16. Medidas de atención á diversidade.
17. Elementos transversais.
18. Actividades complementarias e extraescolares.
19. Actividades previstas no proxecto lector de centro.
20. Actividades previstas no plan de integración das TIC.
21. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
22. Constancia de información ao alumnado.
23. Cláusula COVID-19 para os posibles escenarios (presencial, semipresencial e telemático)

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 CONTEXTUALIZACIÓN. O IES AGRA DE LEBORÍS.

Polo que atinxe ao contexto do centro IES Agra de Leborís, remitímonos aos epígrafes do PEC, actualizado no curso 2021-2022 no que se recollen as características do centro.

2. Características do centro

2.1. Situación xeográfica do noso centro O centro está situado no concello da Laracha, na comarca de Bergantiños. Atópase na rúa Rosalía de Castro, xunto á Biblioteca Municipal e moi preto da Casa da Cultura e da piscina. Estamos a 24,8 Km da Coruña e a 11,3 Km de Carballo. O mapa da situación xeográfica do Concello, na estrada AC 552 que vai da Coruña a Fisterra: Acolle alumnado de todo o concello e localidades limítrofes. Os centros adscritos ao noso instituto son: • O CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha. • O CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco. • O CEIP de Caión.

2.2. Ámbito económico, social e laboral da contorna Segundo datos aportados polo propio Concello da Laracha a poboación coa que conta é de 11.602 habitantes, segundo os datos do padrón municipal a 20 de xuño de 2021. O termo municipal ten unha extensión de 125,95 km² repartidos en 13 parroquias e máis de 300 núcleos de poboación, dos cales soamente tres son urbanos. Precisamente nas vilas da Laracha, Paiosaco e Caión residen practicamente a metade dos habitantes, sendo a outra metade veciños residentes en zonas rurais. Nos últimos anos estase a rexistrar un progresivo aumento da poboación, circunstancia que se fixo aínda máis notable desde a pandemia do coronavirus. Durante décadas a agricultura e gandaría foron os motores económicos do municipio, que foi considerado como graneiro de Galicia pola súa alta produción debido á fertilidade da terra. A día de hoxe ditas actividades seguen tendo certa importancia e contan con profesionais de primeiro nivel, aínda que a maioría das explotacións son de pequena entidade e mesmo de autoconsumo. Na única saída ao mar do municipio, a vila de Caión, o sector pesqueiro que, tan importante foi décadas atrás, perdeu gran relevancia en favor das embarcacións de recreo. A día de hoxe os sectores económicos máis importantes do Concello da Laracha son os servizos, o turismo, a construción e especialmente o industrial, grazas á implantación de firmas de primeiro nivel nacional e mesmo mundial no parque empresarial.

2.3. A historia do centro O Instituto empezou a funcionar no curso 1996-1997. Impártese a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato, nas modalidades de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais (a terminoloxía das modalidades foi cambiando segundo os novos marcos normativos). Impartíronse as Seccións Bilingües en Educación Física en 1º da ESO e nas materias de Educación Física, Educación Plástica e Música en 3º da ESO. Actualmente mantense as de Educación Plástica e Música en 3º da ESO. Esta sección complétase cun programa de desenvolvemento das linguas estranxeiras con auxiliar de conversa en inglés.

2.4. Características do noso edificio - Edificio principal O centro conta con 21 aulas, dous laboratorios, dúas aulas-taller, dúas aulas de Informática, dúas aulas de Educación Plástica, unha aula de Música, unha biblioteca, un ximnasio, un pavillón polideportivo, unha sala de usos múltiples, locais para os Departamentos Didácticos, sala de profesorado, oficina de Secretaría, conserxaría, despachos para os membros da dirección, despacho para o orientador, aula de Convivencia, sala de Tutoría, varios almacéns e cuartos de limpeza, cafetería, baños e ascensor. Estes espazos van adaptándose ás distintas necesidades xurdidas no centro dende a súa creación ata a actualidade, resultando neste momento as aulas de tamaño reducido, precisando empregar espazos específicos como aulas de referencia. As aulas de 1º e 2º de ESO contaron con dotación ABALAR completa, que está obsoleta. Ademais no curso 2015-2016 dotáronse de ordenador, canón e pizarra dixital o resto das aulas do centro. As melloras tecnolóxicas deben ser un obxectivo claro para adaptar as novas necesidades de xestión e organización. No curso 2019-2020 coa pandemia pola covid19 foi necesario poñer en marcha diversas adaptacións do noso contexto escolar, no que estaban incluídas accións para a formación permanente do profesorado en tecnoloxías da información e comunicación, e utilización de recursos tecnolóxicos específicos para a docencia virtual (ensino virtual) primando o emprego das aulas virtuais, videoconferencias, Abalarmobil e correos corporativos, entre outros. No curso 2021-2022 deséñase o primeiro plan dixital do centro, que permitirá dotalo de recursos

financiados pola Unión Europea e o Ministerio de Educación. Pavillón O centro, ademais do edificio principal que inclúe un ximnasio, conta no recinto co pavillón, espazo compartido co Concello tanto para a realización de diversas actividades a nivel local, como para as propias do centro educativo (clases de Educación Física, celebracións, competicións, Plan Proxecta...)

3. Oferta educativa

3.1. Educación Secundaria Obrigatoria. A oferta educativa da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de actual liña catro, foi aumentado dende a súa creación, motivada polo aumento do alumnado.

3.2. Bacharelato A oferta de Bacharelato mantense con dúas modalidades:

- Ciencias (Ciencia e Tecnoloxía)
- Humanidades e Ciencias Sociais
 - Itinerario Humanidades
 - Itinerario Ciencias Sociais

4. Características xerais do centro

4.1. Alumnado

O noso centro educativo foi aumentando a ratio do alumnado dende a súa creación. Neste momento estamos a superar os 500 alumnos/as. Gran parte do alumnado, dada a dispersión xeográfica da poboación, é usuaria do transporte escolar. O alumnado foi en aumento, sobre todo na etapa da ESO, sendo algo máis estable na etapa de Bacharelato, tal como se indica nas táboas de datos dos últimos dez cursos e no momento de elaborar este documento no curso 2021-2022.

A lingua que fala a maioría do alumnado é o galego, contando co aumento de alumnado procedente doutras Comunidades e outros países, que precisan un período de adaptación ás linguas cooficiais (galego e castelán). O alumnado vén de tres centros adscritos da zona: ▪ O CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha (con máis alumnado) ▪ O CEIP Alfredo Brañas de Paio Saco. ▪ O CEIP de Caión. Ademais destes centros cada vez vén máis alumnado de zonas limítrofes, por proximidade ou outras circunstancias: Carballo e Arteixo. Respecto a alumnado procedente doutras Comunidades, de xeito puntual poden proceder de Canarias, Valencia. E respecto a outros países contamos con alumnado de Marrocos, Colombia, Venezuela e China, podendo darse variacións. Un importante número de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo precisa axudas para o seu proceso de ensino e aprendizaxe, contando con medidas específicas de reforzo educativo e de adaptación curricular, entre outras. O alumnado precisa mellorar hábitos de lectura, contando con recursos no centro educativo e na contorna (Biblioteca Escolar e Municipal). Hai unha porcentaxe moi importante que precisa reforzar e mellorar os hábitos de estudo. Nesta xeración tecnolóxica predomina o uso das tecnoloxías da información e comunicación a nivel usuario condicionando o lecer e tempo libre do alumnado. O alumnado procede de familias cun nivel cultural medio-baixo. Unha porcentaxe alta dos pais e nais dos nosos alumnos/as posúe uns estudos inferiores ou iguais á Educación Xeral Básica ou á Educación Secundaria Obrigatoria. A relación do alumnado co profesorado considérase en xeral boa, sendo un número reducido de alumnos/as os que teñen problemas de convivencia e teñen dificultades para cumprir coas normas do centro. Un grupo moi reducido de alumnos non respecta as instalacións, o mobiliario e o material do centro. Presentan necesidades de mellorar hábitos asociativos e participativos. Non existe ningunha asociación de alumnos e inténtase que funcione a Xunta de Delegados. Precisan mellorar a capacidade para propoñer problemas, discutilos con responsabilidade e tolerancia e chegar a acordos que deban ser respectados democraticamente.

4.2. Persoal docente A partir do curso 1999-2000 o profesorado do centro estabilízase ao pasar o claustro de profesorado a estar formado por persoas que teñen destino definitivo no centro. Unha parte importante do profesorado que ten carácter definitivo vive na Laracha ou na súa contorna. O resto do profesorado reside fóra da Laracha, sendo a maioría da zona da Coruña capital. O corpo de profesorado está organizado por distintos Departamento Didácticos e o Departamento de Orientación. No curso 2021-2022 contamos cunha especialista de Lingua Castelá e Literatura, e dous especialistas en Pedagogía Terapéutica, que pertencen ao Corpo de Mestres. O resto dos especialistas pertencen ao corpo de Profesores de Ensino Secundario. Os distintos Departamentos Didácticos variaron na súa ratio segundo foi evolucionando a oferta educativa e a ratio do alumnado.

O profesorado implícase en inculcar ao alumnado hábitos, actitudes e comportamentos acordes coas normas de convivencia do centro e dunha sociedade democrática.

4.3. Persoal non docente. O centro educativo conta actualmente co seguinte persoal non docente: • Persoal de Administración, cunha auxiliar administrativa

- Persoal de conserxaría con dous conserxes.
- Persoal de limpeza con tres persoas (no período da pandemia sanitaria polo covid19 cóntase con reforzo do persoal de limpeza)
- Persoal da cafetaría (durante o período do 2019 ao 2022 non contamos con este servizo pola pandemia sanitaria)
- Unha persoa Auxiliar de Conversa que se vai renovando cada curso escolar para reforzar a aprendizaxe da lingua estraxeira-inglés e nas seccións bilingües.

4.4. As familias e a ANPA

É indispensable a colaboración dos pais e nais ou titores e titoras legais co centro educativo para compartir a tarefa educativa, polo que os centros deben promover a implicación das familias en todas as decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos do alumnado, especialmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia. As estratexias utilizadas para esta comunicación son: a) A titoría, a través da que os titores/as manteñen informadas ás familias da evolución académica e actitudinal dos seus titorandos, e solicitan a súa colaboración e participación en todo o proceso educativo dos seus fillos. b) A reunión grupal para todos os pais e nais despois das Xuntas de Avaliación Inicial (mes de outubro). c) Xornada de Portas Abertas para familias do novo alumnado en xuño (dos centros adscritos). A responsable do Departamento de Orientación tamén participa nas reunións individualizadas coas familias no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e no caso de dificultades no ámbito da convivencia e/ou rendemento académico, sempre que sexa necesario e/ou o titor o solicite. É igualmente importante a colaboración coas entidades locais, especialmente con Servizos Sociais, xa que o seu labor pode axudar e apoiar os obxectivos educativos do centro a través da súa participación nas dinámicas familiares e dos seus contactos con outros axentes sociais coma os profesionais da saúde, etc. O centro ten de referencia unha ANPA, “Manuel Murguía”, que forma parte da Federación Provincial de ANPAS da Costa da Morte, na Coruña, contando con representación no Consello Escolar do noso centro.

1.2 A APRENDIZAXE DAS LINGUAS NO CONTEXTO ESCOLAR

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta

práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

- A **educación plurilingüe** e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o **uso integral do repertorio lingüístico**, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

- No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao **logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio**. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas

que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

- Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a **situación de minorización da lingua galega**, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso **favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua** de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.
- Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un **enfoque metodolóxico** de carácter plurilingüe **que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida**, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece no caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

1.3 A APRENDIZAXE DAS LINGUAS CLÁSICAS NO CONTEXTO ESCOLAR

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

Esta mesma perspectiva está tamén presente no currículo básico para bacharelato, malia perseguirse nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporcionalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade. É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en **bloques** que, con lixeiros matices, se repiten en todos os cursos.

Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

- O primeiro destes bloques estuda **o latín como orixe das linguas romances** e ten un trato lixeiramente diferente para os cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, e o curso de segundo de bacharelato. Os contidos dos dous primeiros cursos comezan coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación, e xa para os tres cursos, preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.
- O seguinte bloque, deseñado só para latín de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, aborda os **elementos básicos da lingua latina**, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia.
- Os dous bloques seguintes, comúns aos tres cursos, tratan **aspectos netamente lingüísticos**, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica,

dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos.

- Nos cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato dedicouse un bloque ao **estudo da civilización latina**, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana, entre as que destacan por unha banda as relativas ás artes plásticas e, máis concretamente, a escultura e a arquitectura, e pola outra, as literarias.
- O estudo máis en profundidade destas últimas resérvase para o curso de segundo de bacharelato, que conta cun bloque específico para a **literatura latina**, no que un mellor coñecemento da lingua lle permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, afondando deste xeito na comprensión dos textos literarios clásicos latinos para comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.
- Se, como dixemos, a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o **latín como unha lingua viva** coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.
- Por último, nos tres cursos dedícase un bloque ao **estudo do léxico**, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina. Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

- A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun

maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

- A labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.
- A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.
- A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servírnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.
- As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.
- A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.
- A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA. BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.2. OBXECTIVOS DA MATERIA. LATÍN II

- 1) Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina. *Á espera de directrices específicas do grupo de traballo para as probas ABAU deste curso, mantemos os autores propostos pola CIUG para o cursos anteriores, Eutropio e Fedro.*
- 2) Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
- 3) Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen. *Á espera de directrices específicas do grupo de traballo para as probas ABAU deste curso, mantemos as lecturas propostas pola CIUG para o curso 2017-2018, e que se especifican nesta programación, como complemento á visión por xéneros da literatura latina.*
- 4) Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación. *Á espera de directrices específicas do grupo de traballo para as probas ABAU deste curso,, mantemos a toponimia e os latinismos propostos pola CIUG para o curso 2021-2022*
- 5) Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
- 6) Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.

- 7) Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

4. CONTIDOS

4.1. CONTIDOS POR BLOQUES

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

- B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 2 Morfoloxía

- B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.
- B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica.

Bloque 3. Sintaxe

- B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.
- B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.
- B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación.
- B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.

Bloque 4. Literatura latina

- B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.

Bloque 5. Textos

- B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.
- B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.
- B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
- B5.4. Identificación das características formais dos textos.

Bloque 7. Léxico

- B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.
- B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.
- B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.
- B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.

4.2. CONTIDOS MÍNIMOS

1. Morfoloxía nominal e pronominal:
 - a. Substantivos.
 - b. Adxectivos. Grados dos adxectivos.
 - c. Pronomes.
 - d. Formas menos usuais ou irregulares
2. Morfoloxía verbal:
 - a. Voz activa. Voz pasiva
 - b. Verbos irregulares e defectivos.
 - c. Formas nominais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.
3. Funcións dos casos. Sintaxe nominal e pronominal.
4. Oración simple.

5. Oración composta: coordinación e subordinación.
6. Conxuncións polivalentes: ut, cum, quod
7. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.
8. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.
9. Tradución e interpretación de textos latinos.
10. Vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.
11. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
12. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.
13. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.
14. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. Toponimia.

5. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN

1º TRIMESTRE

- 1) B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. (2 SESIÓNS)
- 2) B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. (2 SESIÓNS)
- 3) B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. (8 SESIÓNS)
- 4) B2.2. Morfoloxía verbal: Tema de presente. Tema de perfecto. Voz activa. Voz pasiva (4 SESIÓNS)
- 5) B2.2. Morfoloxía verbal. Formas nominais do verbo: participio (4 SESIÓNS)
- 6) B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. (6 SESIÓNS)
- 7) B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. (4 SESIÓNS)
- 8) B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, lírica. (5 SESIÓNS)
 - a. Poesía épica: Virxilio
 - b. Poesía lírica: Horacio.
 - c. Lecturas:
 - i. **Épica**: Ovidio, **Apolo e Dafne** (Ovidio, *Metamorfosis*, I, 452-567)
 - a. **Píramo e Tisbe** (Ovidio, *Metamorfosis*, IV, 55-166)
 - b. **Orfeo e Eurídice** (Ovidio, *Metamorfosis*, X, 1-71)
 - ii. **Lírica**: Catulo, **Poemas de Catulo e Lesbica** (Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11)
- 9) B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. (TODAS AS SESIÓNS)
- 10) B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais. (TODAS AS SESIÓNS)
- 11) B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. (TODAS AS SESIÓNS)
- 12) B5.4. Identificación das características formais dos textos. (TODAS AS SESIÓNS)
- 13) B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico. (2 SESIÓNS)
- 14) B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. Etimoloxía. Regras básicas de evolución. Toponimia I (4 SESIÓNS)
- 15) B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria. Locucións latinas de uso actual I (2 SESIÓNS)

2º TRIMESTRE

- 1) B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: infinitivo, xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica. (10 SESIÓNS)

- 2) B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación. (6 SESIÓNS)
 - a. Oracións subordinadas substantivas.
 - b. Oracións subordinadas adxectivas.
- 3) B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. (10 SESIÓNS)
- 4) B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: historiografía e oratoria. (5 SESIÓNS)
 - a. Oratoria: Cicerón.
 - b. Historiografía: Tito Livio.
 - c. Lecturas:
 - i. **Historiografía:** Livio **A traxedia de Lucrecia** (Tito Livio, *Historia de Roma desde su fundación*, I, 56,4-60)
 - ii. **Oratoria:** Tácito, **Discursos de Calgaco e Agrícola** (Tácito, *Agrícola*, 30-32 e 33-34); Contexto, discursos e batalla: capítulos 29-38.
- 5) B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. (TODAS AS SESIÓNS)
- 6) B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais. (TODAS AS SESIÓNS)
- 7) B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. (TODAS AS SESIÓNS)
- 8) B5.4. Identificación das características formais dos textos. (TODAS AS SESIÓNS)
- 9) B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. Toponimia II. (2 SESIÓNS)
- 10) B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria. Locucións latinas de uso actual II (2 SESIÓNS)

3º TRIMESTRE

- 1) B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación. Oracións subordinadas adverbiais (6 SESIÓNS)
- 2) B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: comedia e fábula. (5 SESIÓNS)
 - a. Teatro latino: Plauto
 - b. Lectura: **Miles gloriosus/ Anfitrión/ outras** de Plauto.
- 3) B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. (TODAS AS SESIÓNS)
- 4) B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais. (TODAS AS SESIÓNS)
- 5) B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. (TODAS AS SESIÓNS)
- 6) B5.4. Identificación das características formais dos textos. (TODAS AS SESIÓNS)
- 7) B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. Toponimia III (2 SESIÓNS)
- 8) B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria. Locucións latinas de uso actual III (2 SESIÓNS)
- 9) B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega. (3 SESIÓNS)

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

- B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.

Bloque 2. Morfoloxía

- B2.1. Coñecer as categorías gramaticais.
- B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.
- B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.

- B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais.
- B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.

Bloque 3. Sintaxe

- B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.
- B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.
- B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.
- B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.
- B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.

Bloque 4. Literatura latina

- B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.
- B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.
- B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental.
- B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite.
- B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.

Bloque 5. Textos

- B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.
- B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.
- B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.
- B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
- B5.5. Identificar as características formais dos textos.

Bloque 6. Léxico

- B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.
- B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.
- B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado.
- B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.

7. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

- LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.

- LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.
- LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.

Bloque 2. Morfoloxía

- LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.
- LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.
- LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.
- LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.
- LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.
- LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán
- LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

Bloque 3. Sintaxe

- LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.
- LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.
- LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.
- LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.
- LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.

Bloque 4. Literatura latina

- LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.
- LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.
- LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.
- LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.
- LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

- LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.
- LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.

Bloque 5. Textos

- LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.
- LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.
- LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.
- LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.
- LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.

Bloque 6. Léxico

- LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.
- LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.
- LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.
- LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.
- LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

8. CONCRECIÓNS PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- 1) Competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- 2) Temporalización.
- 3) Procedementos e instrumentos de avaliación.
- 4) Grao mínimo de consecución para superar a materia.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS/ INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO
BLOQUE 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES				
▪LA2B1.1.1. <u>Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.</u>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PO/PP/PE ▪ RE 	Estándar suñado

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDIMENTOS/ INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO
<ul style="list-style-type: none"> LA2B1.2.1. <u>Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CCL CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE 	<ul style="list-style-type: none"> ES
<ul style="list-style-type: none"> LA2B1.2.2. <u>Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE 	<ul style="list-style-type: none"> ES
BLOQUE 2. MORFOLOXÍA				
<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.1.1. <u>Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE 	<ul style="list-style-type: none"> ES
<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.2.1. <u>Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE 	<ul style="list-style-type: none"> ES
<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.3.1. <u>Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE/PT RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.4.1. <u>Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE/PT RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.4.2. <u>Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE/PT RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.5.1. <u>Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE/PT RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.5.2. <u>Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CD 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PT/ T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
BLOQUE 3. SINTAXE				
<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.1.1. <u>Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PT/ T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.2.1. <u>Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE/PT RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.3.1. <u>Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaas para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE/PT RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.4.1. <u>Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE/PT RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDEMENTOS/ INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO
LA2B3.5.1. <u>Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE/PT RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
BLOQUE 4. LITERATURA LATINA				
LA2B4.1.1. <u>Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE/CT 	<ul style="list-style-type: none"> ES
LA2B4.2.1. <u>Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE/CT 	<ul style="list-style-type: none"> ES
LA2B4.3.1. <u>Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
LA2B4.3.2. <u>Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
LA2B4.4.1. <u>Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE CT 	<ul style="list-style-type: none"> ES
LA2B4.5.1. <u>Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CSC CD CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE CT 	<ul style="list-style-type: none"> ES
LA2B4.5.2. <u>Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CSC CD CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE CT 	<ul style="list-style-type: none"> ES
BLOQUE 5. TEXTOS				
LA2B5.1.1. <u>Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE/PT RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
LA2B5.2.1. <u>Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE/PT RE/T 	<ul style="list-style-type: none"> ES
LA2B5.3.1. <u>Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC CCEC CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE/T/CT 	<ul style="list-style-type: none"> ES
LA2B5.4.1. <u>Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE/T/CT 	<ul style="list-style-type: none"> ES
LA2B5.5.1. <u>Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 1ºT/2ºT/3ºT 	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE/T/CT 	<ul style="list-style-type: none"> ES

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN	PROCEDIMENTOS/ INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO
BLOQUE 6. LÉXICO				
LA2B6.1.1. <u>Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CD 	3ºT	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE 	• ES
LA2B6.2.1. <u>Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CD 	1ºT/2ºT/3ºT	<ul style="list-style-type: none"> RE 	• ES
LA2B6.2.2. <u>Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL 	1ºT/2ºT/3ºT	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE 	• ES
LA2B6.3.1. <u>Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC CD CCEC CCL 	1ºT/2ºT/3ºT	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE 	• ES
LA2B6.4.1. <u>Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.</u>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	1ºT/2ºT/3ºT	<ul style="list-style-type: none"> PO/PP/PE RE 	• ES

COMPETENCIAS CLAVE

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

TEMPORALIZACIÓN

1º T	1º TRIMESTRE
2º T	2º TRIMESTRE
3º T	3º TRIMESTRE

PROCEDIMENTOS/ INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. C	Cuestionario
2. CA	Caderno de aula
3. CT	Comentario de textos
4. EO	Exposición oral
5. LA	Lectura na aula
6. LO	Lectura obrigatoria
7. LV	Lectura voluntaria
8. PE	Proba escrita

9. PO	Proba oral
10. PP	Proba práctica
11. PT	Proba de tradución
12. RE	Resolución de exercicios
13. T	Tradución
14. TG	Traballo en grupo
15. TI	Traballo de investigación
16. TV	Traballo voluntario

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

*O grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe indicase mediante o suliñado do estándar correspondente.

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- **Avaliación inicial.** As actividades de avaliación ao comezo do proceso de aprendizaxe han de comezar descubriendo o nivel de competencia del alumnado en relación co tema que se quere tratar. Esta actividade pódese facer por escrito ou oralmente. Durante os primeiros días do curso levarase a cabo unha avaliación inicial que nos ilustre sobre os coñecementos previos do alumnado. En virtude dos resultados desta avaliación inicial, tomaranse as medidas de carácter individual e/ou grupal que sexan necesarias para que o alumnado acade os obxectivos previstos (actividades de reforzo, adaptación dos contidos, modificación da temporalización, ou calquera outra medida que se considere precisa).
- **A avaliación será continua.**
 - ✚ Os alumnos realizarán dúas probas por trimestre nas que se incluírán contidos morfolóxicos, sintácticos, léxicos e tradución. Ao final do trimestre realizarase unha proba de tradución. Ademais haberá unha proba específica ou traballo dos contidos culturais/literarios que se determinan para cada trimestre. A cualificación será o resultado da media ponderada en virtude das porcentaxes que se indican no epígrafe seguinte.
 - ✚ Como instrumentos avaliadores do traballo diario do alumnado empregaranse
 - Resolución de exercicios
 - Intervencións orais
 - Comentario de textos
 - Tradución de textos
 - Exposición de temas
 - Probas orais informais
- As probas de recuperación extraordinarias terán como contidos mínimos os incluídos na presente programación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que nos demais casos.
- Dado que a aprendizaxe da lingua implica unha graduación dos contidos lingüísticos e que a súa presenza é permanente no proceso de aprendizaxe, a avaliación será continua e os contidos mínimos esixibles estarán presentes ao longo dos tres trimestres.
- Para avaliar esa graduación dos contidos incluídos nos bloques temáticos de Lingua, Morfoloxía, Sintaxe, Textos e Léxico realizaremos dúas probas en cada trimestre. (70%) Cada proba dividírase en dúas partes que se realizarán, sempre que sexa posible en días sucesivos. A primeira parte versará sobre Lingua, Morfoloxía, Sintaxe e Léxico, tanto teórica como práctica. (6 puntos). A segunda parte será un texto para analizar morfosintacticamente e traducir (4 puntos). O texto para a tradución será incluírá unha parte obrigatoria e outra voluntaria. Tendo en conta que os contidos son progresivos, a 1ª proba valorarase nun 30% e a 2ª nun 40%.
- Realizarase tamén unha proba específica para os contidos do bloque Literatura na que se incluírán as lecturas (10%)
- Ao final de cada trimestre farase unha proba específica de tradución. (10%)
- O traballo diario do alumno/a na aula valorarase nun 10%
- A nota media final do trimestre será o resultado da media ponderada:
- En cada trimestre propóranse lecturas voluntarias seleccionadas dos distintos xéneros literarios, que corresponden as actividades de fomento da lectura do departamento incluídas no PLC. Esta actividade valorarase con ata +0,5 sobre a nota media da avaliación.

1ª PROBA: 30%
2ª PROBA: 40%
PROBA DE TRADUCCIÓN: 10%
PROBA DE CONTIDOS LITERATURA: 10%
TRABALLO DO ALUMNO/A: 10%
LECTURAS VOLUNTARIAS: ata +0,5

- A cualificación final da materia será o resultado da media ponderada da cualificación obtida nos tres trimestres

1ª AVALIACIÓN: 25%
2ª AVALIACIÓN: 35%
3ª AVALIACIÓN: 40%

10. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

- O enfoque metodolóxico deberá *favorecer a capacidade de autoaprendizaxe*, de traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida. Seguindo este criterio metodolóxico, traballaremos os aspectos de educación documental que garantiren ao alumnado a autonomía ante as fontes de información.
- Os textos converteranse no punto de partida para o *traballo simultáneo de diversos aspectos* morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.
- Proporase unha *secuencia de traballo axeitada e graduada* por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico. O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.
- Procurarase xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de *participación activa no proceso de ensinanza-aprendizaxe*, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo. Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.
- Haberá que distinguir *niveis de dificultade* no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado. Neste sentido, proporcionarase ao alumnado con necesidades educativas especiais os materiais de reforzo que precisen para acadar os obxectivos
- Promoverase a *utilización das TIC* para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Non se esixe un libro de texto específico. Non obstante, o propio departamento poderá pór a disposición dos alumnos/as os materiais bibliográficos ou de consulta que procedan (v.g. edicións traducidas, léxicos, gramáticas, manuais, tanto en formato tradicional como en soporte informático ou en formato web), procurándose a adquisición de determinados exemplares repetidos para os fondos da Biblioteca do Centro.

- ❑ RUBIO, L.; GONZÁLEZ, T.: Nueva gramática latina. Coloquio, Madrid, 1985.
- ❑ VALENTÍ FIOL, E.: Gramática latina. Bosch, Barcelona, 1982.
- ❑ BLÁNQUEZ FRAILE, A.: Diccionario latino-español. Sopena, Barcelona, 1966.
- ❑ COROMINAS, J.: Breve diccionario etimológico de la lengua castellana. Madrid, 1973.
- ❑ GARCÍA, V.: Diccionario latino-español, español-latino, Bibliograf, Barcelona, 1964.
- ❑ HERRERO LLORENTE, V.J.: Diccionario de expresiones y frases latinas. Madrid, 1992.
- ❑ MATEOS MUÑOZ, A.: Etimologías latinas del español. Esfinge, México, 1988.
- ❑ ESPINÓS, J.: Así vivían los romanos. Anaya, Madrid, 1988.
- ❑ GRIMAL, P.: Diccionario de la mitología griega y romana. Paidós, Barcelona, 1984.

- HOWATSON, M.C.: Diccionario de la literatura clásica. Alianza, Madrid, 1991.

Páxinas webs

- www.culturaclasica.com
- www.culturaclasica.net
- *La web de la Grecia Clásica.*
- *Palladium: cultura y linguas clásicas*
- <http://clasicas.usal.es/recursos/>

Espazos

- Clase: Traballo sobre o texto, actividades escritas, exposicións orais, observación de procesos con encerado dixital...
- Aula de informática.
- Varios (casa, biblioteca...): Participación en proxectos cooperativos, exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo.

12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

- Adecuación dos obxectivos.
- Grao de cumprimento dos obxectivos propostos.
- Adecuación da temporalización.
- Grao de cumprimento da temporalización.
- Adecuación dos materiais didácticos.
- Adecuación das actividades.
- Adecuación dos procedementos de avaliación.

13. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

- O alumnado terá como referente a presente programación didáctica e o departamento lle proporcionará información sobre os procedementos de recuperación da materia pendente.
- O alumnado terá que acadar o obxectivo que se inclúen neste programación e para facilitar a súa consecución, o departamento proporcionará boletíns de traballo práctico. A realización destas actividades é de carácter voluntario.
- O alumno deberá realizar dúas probas parciais ao longo do curso. Os contidos que se incluírán en cada proba parcial son os que se detallan a continuación:

1º PARCIAL

1. Abecedario e pronunciación. Sistema fonolóxico latino.
2. Morfoloxía nominal: Casos e funcións. 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª declinacións.
3. Morfoloxía verbal: características xerais.. Sistema de presente e de perfecto. Sistema de Presente e de perfecto activo dos verbos regulares. Verbo sum
4. Sintaxe: a oración copulativa e a concordancia.
5. Adxectivos. Clases. Graos do adxectivo.
6. Sinopse da historia de Roma. Organización social. Institucións socio-políticas.
7. A Romanización.

2º PARCIAL

1. Morfosintaxe pronominal. Pronomes persoais, reflexivos e posesivos. Demostrativos. Relativo. Interrogativos. Indefinidos. Numerais.
2. Morfoloxía verbal: Sistema de presente e de perfecto: voz pasiva. A oración pasiva.
3. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do léxico: palabras patrimoniais e

cultismos. Raíces, prefixos e sufixos latinos nas linguas modernas.

4. Relixión e mitoloxía.

5. Arte e obras públicas.

- Cada proba parcial constará de dúas partes:
 1. Parte: exercicios prácticos e cuestións (6 puntos)
 2. Parte: tradución(4 puntos)
- Os criterios de avaliación son os que aparecen recollidos na presente programación.
- O alumnado con Latín I como materia pendente deberá superar ambos parciais para obter avaliación positiva. En caso de non ter superada unha das probas parciais, poderá ser avaliado positivamente por media aritmética das dúas probas. No caso de que non supere as probas parciais, poderá presentarse a unha proba de recuperación final. As probas realizaranse nos meses de Xaneiro (1º parcial) Abril (2º Parcial) e Maio (Proba Final)

14. PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.

Dado que a materia de Latín no bacharelato está estruturada con contidos progresivos que se inician no primeiro curso e aumentan a súa complexidade no segundo, e tendo en conta que o primeiro trimestre de Latín II se centra na revisión de gran parte dos contidos vistos en Latín I, o alumnado que, sen ter cursado Latín I, sexa autorizado a matricularse en Latín II poderá acreditar os coñecementos previos por dous procedementos:

- 1) Avaliación positiva no primeiro/segundo trimestre do segundo curso de Latín II.
- 2) Avaliación positiva no programa de recuperación de pendentes que se detalla no apartado anterior.

15. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Durante os primeiros días do curso levarase a cabo unha avaliación inicial que nos ilustre sobre os coñecementos previos do alumnado en aspectos de carácter lingüístico que despois deberán ser quen de empregar. Os conceptos e procedementos avaliados de forma práctica versarán sobre os mesmos bloques temáticos que tratamos na materia Latín I: lingüística, morfoloxía, léxico, sintaxe, historia, etc. En virtude dos resultados desta avaliación inicial, tomaranse as medidas de carácter individual e/ou grupal que sexan necesarias para que o alumnado acade os obxectivos previstos (actividades de reforzo, adaptación dos contidos, modificación da temporalización, ou calquera outra medida que se considere precisa)

16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe recibirá materiais de reforzo que lle permitan acadar os obxectivos marcados na presente programación.

Aplicaranse os protocolos de actuación correspondentes a cada situación de diversidade en colaboración co departamento de orientación.

17. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación serán traballadas de xeito continuo na materia ao longo de todo o curso.

- O emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse de forma comparativa os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano, a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.
- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social abordarase nos contidos desta programación referidos á vida cotiá en Roma, sempre desde a comparación co mundo actual. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Tendo en conta a actual situación de pandemia e aínda que se eliminaron as restricións sanitarias, a día de hoxe non se inclúen actividades que impliquen a saída do centro do alumnado.
- De darse o caso de que, ao longo do curso, se modificasen as circunstancias que fixesen posible a realización destas actividades e tivéssemos a oportunidade de coñecer e planificar a asistencia a algún acontecemento ou viaxe cultural ofertado de xeito convincente e interesante para os alumnos/as (directa ou indirectamente relacionado coa disciplina), informariámos ao departamento de actividades complementarias e extraescolares, á dirección do centro, e ao resto da comunidade educativa pertinente, someténdose o asunto á aprobación por parte do Consello escolar. Tal sería o caso de:
 - Representacións teatrais no marco do xa veterano Festival Greco-Latino que organiza a Delegación de Galicia da S.E.E.C. (Sociedade Española de Estudos Clásicos).
 - Visita a algún lugar de interese arqueolóxico.
 - Busca da pervivencia do mundo clásico -en tódolos seus aspectos- no seu entorno.
 - Asistencia a algún acto cultural relacionado co mundo clásico: opera, exposicións, etc.

19. ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

- Lectura comprensiva de textos.
- Comentario de textos.
- Análise de materiais impresos e audiovisuais.
- Redacción de textos.
- Utilización da biblioteca como centro de recursos. Busca de información.
- Presentación da información.
- Programa de lecturas complementarias.
 - ✚ **Épica:** Ovidio, **Apolo e Dafne** (Ovidio, *Metamorfosis*, I, 452-567)
 - **Píramo e Tisbe** (Ovidio, *Metamorfosis*, IV, 55-166)
 - **Orfeo e Eurídice** (Ovidio, *Metamorfosis*, X, 1-71)
 - ✚ **Lírica:** Catulo, **Poemas de Catulo e Lesbia** (Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11)
 - ✚ **Historiografía:** Livio **A traxedia de Lucrecia** (Tito Livio, *Historia de Roma desde su fundación*, I, 56,4-60)
 - ✚ **Oratoria:** Tácito, **Discursos de Calgaco e Agrícola** (Tácito, *Agrícola*, 30-32 e 33-34); Contexto, discursos e batalla: capítulos 29-38.
 - ✚ **Fábula:** Selección de fábulas de Fedro.
 - ✚ **Teatro:** *Miles gloriosus* de Plauto.

20. ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

- Ferramentas Tics no mundo clásico.
- Proxecto Palladium
- Dicionarios online
- Didacterion
- Chiron Wiki
- Blog de Fernando Lillo Redonet
- Actividades de educación documental.
- Coñecemento das ferramentas básicas de presentación da información.
- Actividades interactivas.
- Animacións.
- Cazas do tesouro e webquest.

21. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

- Observación na práctica diaria na aula.
- Resultados acadados nas probas periódicas.
- Seguimento mensual da programación.
- Enquisa final sobre a práctica docente de carácter voluntario para o alumnado.

22. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

O alumnado será informado ao comezo do curso de todos os aspectos incluídos na presente programación didáctica. Na web do centro así como no departamento estará dispoñible a programación e a especificación dos contidos mínimos.

23. CLÁUSULA COVID-19 PARA OS POSIBLES ESCENARIOS (PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E TELEMÁTICO)

Aínda que os protocolos sanitarios derivados da Covid-19 foron xa eliminados para o presente curso, incluímos a cláusula de posibles escenarios para ser aplicadas en caso de alumnado especialmente vulnerable que precise recorrer ao escenario semipresencial ou telemático.

a. Escenario presencial

- Todos os puntos incluídos na presente programación fan referencia a un escenario de educación presencial.
- No caso de convivir escenarios diferentes ao longo do curso, en función da situación sanitaria, aplicarase o referente a cada escenario que se especifica nesta programación

b. Escenario semipresencial

- A día de hoxe descoñecemos cal sería a organización do alumnado neste escenario, así como dos medios telemáticos cos que contaríamos para que se levase a cabo.

c. Escenario telemático

- No caso de que a situación sanitaria obrigue ao confinamento e polo tanto, á docencia telemática, utilizarase como referente a Adaptación da Programación que se realizou no

curso pasado durante o período do estado de alarma e que se adxunta como anexo, no referente a:

- 1) Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. Darase prioridade a aqueles aprendizaxes considerados imprescindibles, sempre que as autoridades educativas permitan o avance dos contidos
 - 2) Avaliación e cualificación. A avaliación e cualificación da materia estará supeditada á posibilidade da realización de probas telemáticas que garantan a autoría da proba e os medios telemáticos ou presenciais que se proporcionen ou autoricen por parte das inspeccións educativas. Se as condicións así o permitisen, a avaliación sería seguindo os mesmos criterios do escenario presencial.
 - 3) Metodoloxía. Plan semanal correspondente ás catro horas lectivas da materia, no que se combinarán clases online, actividades individuais, actividades grupais, tutorías, en función dos contidos. As plataformas que se empregarán serán as corporativas: aula virtual, WEBEX e correo electrónico.
 - 4) Información e publicidade.
 - a. Aula virtual e páxina web do centro.
 - b. Información semanal ás tutorías, facendo especial fincapé no alumnado con conectividade nula, de xeito que as familias teñan constancia do feito.
- No caso de que un gromo obligue a un número determinado de alumnos/as a permanecer en corentena mentres o resto do grupo permanece na aula ordinaria, farase o seguimento do alumnado en corentena en función das ferramentas que a administración nos proporcione.

E para que conste aos efectos oportunos asina en

A Laracha, a 14 de setembro de 2022

M^a JESÚS MÉNDEZ NOVOA
Xefa do Departamento